

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 15-01-2026, ditou a resolución con número 64/2026 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento do tribunal cualificador e data de inicio da fase de oposición, do proceso selectivo para a elaboración dunha Listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de postos de traballo de Técnico/a de Administración Xeral, Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica (Grupo a, Subgrupo a2), en calquera das circunstancias descritas no artigo 10 do EBEP e no artigo 23 da LEPG.

Exp. 2024/E001/000011. TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (Grupo A, subgrupo A2).

Antecedentes.

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 3658/2025 de 26 de novembro de 2025, aprobáronse as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de postos de traballo de Técnico/a de administración xeral, Escala de administración xeral, Subescala técnica (Grupo a, Subgrupo a2), en calquera das circunstancias descritas no artigo 10 do EBEP e no artigo 23 da LEPG.

De conformidade co disposto na base sexta, parágrafo 6.4 das bases reguladoras, o prazo de presentación de instancias foi de oito (8) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP de A Coruña (BOP núm. 232 de 03/12/2025).

Segundo.- Publicouse anuncio da aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo antedito o día 23/12/2025 no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo. De conformidade co disposto na base sétima das bases reguladoras da convocatoria, o prazo de presentación de emendas foi de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo.

Terceiro.- Rematado o prazo regulamentario para a presentación de emendas á listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido na base sétima (*Admisión de aspirantes*) e na base Oitava (*Tribunal Cualificador*) da convocatoria, e de conformidade co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a **Listaxe definitiva** de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, no proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de postos de traballo de Técnico/a de administración xeral, Escala de administración xeral, Subescala técnica (Grupo a, Subgrupo a2).

Os aspirantes admitidos/as e excluídos/as son os relacionados no **Anexo I**.

Segundo.- Designar a composición nominativa do tribunal cualificador prevista na Base 8ª da convocatoria (*Tribunal cualificador*) que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000011
Exp. 2026/G003/000060

- Titular: D. **Carlos Collazo Martínez**, Xefe do Servizo de Xestión e Inspección Tributaria do Concello de Carballo.
Suplente: D^a. **María Carmen Pereiro Felipez**, Técnica de normalización lingüística do Concello de Carballo.

Vogais:

- Titular 1º: D^a. **Carmen Del Río Rodríguez**, Xefa do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Carballo.
Suplente 1º: D^a. **María Lorena Rey Paulos**, Técnica de administración do Concello de Carballo.
- Titular 2º: D^a. **Susana Mariño Lorenzo**, Xefa do Servizo de Administración Xeral do Concello de Carballo.
Suplente 2º: D^a. **María Carmen Castro Pombo**, Xefa do Servizo de Cultura do Concello de Carballo.
- Titular 3º: D. **Juan Antonio Rey Rivas**, Tesoureiro do Concello de Carballo.
Suplente 3º: D. **José Antonio Mallo**, Xefe do Servizo Xurídico e Administración de Urbanismo do Concello de Carballo.

Secretaria/o:

- Titular: D^a **Marina Núñez Orjales**, secretaria do Concello de Carballo.
Suplente: D^a. **Milagros Antelo Cameán**, Técnica de orientación laboral do Concello de Carballo.

Os membros do tribunal cualificador poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Terceiro.- Convocar a todos os membros do tribunal cualificador para a sesión constitutiva con antelación suficiente para a **realización do primeiro exercicio da fase de oposición** que terá lugar o **mércores 21 de xaneiro de 2026 as 11:00 h.** no Salón de actos do EDIFICIO FORUM (Praza dos Bombeiros Voluntarios, s/n, Carballo).

Non será preciso a celebración do cuarto exercicio da fase de oposición, avaliación do coñecemento da lingua galega, dado que tódolos/as aspirantes teñen acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido segundo a base quinta apartado 5.1.g) (*CELGA 4 ou equivalente*).

Cuarto.- Expoñer esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal).

ANEXO I.

Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a elaboración dunha Listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de postos de traballo de Técnico/a de Administración Xeral, Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica (Grupo a, Subgrupo a2), en calquera das circunstancias descritas no artigo 10 do EBEP e no artigo 23 da LEPG.

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA	NIVEL INTERMEDIO (B1 e B2 Digcomp)
1	ALFONSO	SERENA	***9271**	Celga 4	NON *
2	BLANCO TERNANDE	BELEN	***1145**	Celga 4	SI
3	BERMUDEZ DAFONTE	LIDIA	***0982**	Celga 4	NON *
4	BRAÑA SEIJO	NOEMI	***7371**	Celga 4	NON *
5	CANCELA COTELO	ANA MARIA	***5343**	Celga 4	NON *
6	CASTRO VIQUEIRA	INES	***2209**	Celga 4	SI
7	DACOSTA GONZALEZ	PAULA	***8218**	Celga 4	NON *
8	ESPIÑEIRA ESMORIS	ESTELA MARIA	***3364**	Celga 4	NON *
9	FERNANDEZ NUÑEZ	MIREIA	***3614**	Celga 4	NON *
10	FRAGUELA GOMEZ	GEMA PALOMA	***0987**	Celga 4	NON *
11	GONZALEZ CARDALDA	JOSE LUIS	***9666**	Celga 4	NON *
12	GONZALEZ MOREDA	SONIA	***9298**	Celga 4	NON *
13	IRIGOYEN VAZQUEZ	SERGIO	***5547**	Celga 4	NON *
14	LEIRA LOPEZ	ROSA LORENA	***5572**	Celga 4	NON *
15	LEMA ALVAREZ	NURIA MILAGROS	***0189**	Celga 4	NON *
16	PAMPIN MARIÑAS	MARIA	***7342**	Celga 4	NON *
17	PAZOS SANCHEZ	EMMA	***0487**	Celga 4	SI
18	PENA BELLO	ANA	***2464**	Celga 4	SI
19	PINAL SEOANE	SILVIA MARIA	***5667**	Celga 4	NON *
20	PIÑA LOUREIRO	YOLANDA	***6547**	Celga 4	SI
21	POSADO VELADO	LAURA	***8631**	Celga 4	NON *
22	POSE SOUTO	ARACENA	***1042**	Celga 4	SI
23	SANTOS TORRADO	LIDIA	***8530**	Celga 4	SI
24	SEIJAS TUÑAS	ROSALIA	***9074**	Celga 4	SI
25	SUAREZ POSE	SERGIO	***9420**	Celga 4	NON *
26	VAZQUEZ POMBO	ALEJANDRO	***0110**	Celga 4	SI
27	VILLAR ALDAO	ALEJANDRO JOSE	***7300**	Celga 4	NON *

(*) **NIVEL INTERMEDIO (B1 e B2 Digcomp):** Non achega o documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento en Competencias Dixitais requirido, Nivel INTERMEDIO ou equivalente (B1 e B2 do Digcomp), debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación. Deberá superar unha proba de coñecemento en competencias dixitais.

Excluídos/as:

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000011
Exp. 2026/G003/000060

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA	NIVEL INTERMEDIO (B1 e B2 Digcomp)	Motivos de exclusión
1	RECAREY LEMA	ANA PASTORA	46919773A	NON *	NON *	(d)

(*) **CELGA:** Non achega o certificado acreditativo/xustificativo que acredite o nivel de coñecemento da lingua galega, CELGA 4 ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias. Deberá superar unha proba de acreditación de coñecemento da Lingua Galega.

(*) **NIVEL INTERMEDIO (B1 e B2 Digcomp):** Non achega o documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento en Competencias Dixitais requirido, Nivel INTERMEDIO ou equivalente (B1 e B2 do Digcomp), debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación. Deberá superar unha proba de coñecemento en competencias dixitais.

Motivo de exclusión:

(d) Non achega a declaración responsable.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretaria

José Daniel Pérez López

Marina Núñez Orjales

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Orjales